



## [Gal/Cast] A indiferença é cumplicidade. Combate o terrorismo machista!

---

NÓS-UP :: 23/11/2014

Sólo con la lucha organizada de las mujeres podremos avanzar en nuestra liberación, evitando bajar la guardia

### **Galego**

Neste 25 de novembro, as mulleres galegas seguimos en alerta, plantando cara ao sistema patriarco-capitalista que nos discrimina, oprime, maltrata e assassina con plena impunidade por parte das institucións. Em contraposición ao que ofrecen os partidos do sistema, nós nom recorremos a discursos oportunistas carentes de contéudo ou a consignas hipócritas.

NÓS-Unidade Popular defendemos algo polo que levamos lutando coerentemente desde a creación da nosa organización: unha transformación radical que rache con un sistema opresor e misóxico que nos submete polo simples facto de ser mulleres.

Nom entendemos denunciar o terrorismo machista sem falar, por exemplo, das desigualdades salariais, da insultante imaxe que ofrecen os medios de comunicación de nós, das agresións verbais que sofremos nas ruas, das políticas que coarctam os nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou das consecuencias de unha reforma educativa que reforza e perpetua a sociedade machista na que vivemos e pretendem que vivam as futuras xeracións.

Permitir todo isto é promover o terrorismo machista, e dar as costas a este tipo de situacións supom tamén ser cómplice, o qual evidencia o fracaso das políticas de prevención e conscienciación. No entanto, de nada serve lamentar-se, reconecer que a situación actual nom se pode sustentar ou asumir discursos derrotistas que incitam a que nom saímos da espiral de violencia na que nos vemos imersas contra a nosa vontade.

As mulleres galegas nom nos podemos permitir que o terrorismo machista nom seja unha prioridade nas agendas; nas das institucións, nas das organizacións políticas de esquerda e revolucionarias e nem sequer na nosa propia. O momento de lutar é este, porque sabemos que a mobilización social constante fai que consigamos pequenas vitorias, que sem ser suficientes significan muito e servirán para deixar claro que nós somos parte activa na revolución e que sem mulleres libres nom se chegará a nengunha parte.

Se há algo que após anos de luita temos claro as mulleres galegas é a importancia de cuestionar o oportunismo sistémico no referente às políticas de igualdade e prevención da violencia machista, que por outra parte sempre están focadas desde unha ótica patriarcal. Além de fazer políticas contrárias às mulleres, quando apresentam as suas supostas solucións, nos mais dos casos só supoñem un reforzamento encuberto do machismo e levam a unha perigosa desmobilización social.

Só com a luta organizada das mulheres poderemos avançar na nossa libertação, evitando baixar a guarda ou que nos fagam crêr que o machismo é um problema do passado. Sabemos que está plenamente vigente e completamente assentado na nossa sociedade. Por todo isto reivindicamos que se lhe conceda a importância que tem, exigindo um compromisso sério e rigoroso pola sua erradicação.

Aproveitamos esta data reivindicativa tam sinalada para o feminismo para lembrar todas e cada unha das mulheres que foron assassinadas polo terrorismo machista em 2014.

Nem um só minuto de silêncio por elas!

Avante a luta feminista!

## **Castellano**

Este 25 de noviembre, las mujeres galegas seguimos en alerta, plantando cara al sistema patriarco-capitalista que nos discrimina, oprime, maltrata y asesina con plena impunidad por parte de las instituciones.

En contraposición al que ofrecen los partidos del sistema, nosotras no recurrimos a los discursos oportunistas carentes de contenido o a consignas hipócritas. NÓS-Unidade Popular defendemos algo por lo que .llevamos luchando coherentemente desde la creación de nuestra organización: una transformación radical que rompa con un sistema opresor y misógino que nos somete por el simple hecho de ser mujeres.

No comprendemos el denunciar al terrorismo machista sin hablar, por ejemplo, de las desigualdades salariales, de la insultante imagen que ofrecen los medios de comunicación de nosotras, de las agresiones verbales que sufrimos en las calles, de las políticas que coartan nuestros derechos sexuales y reproductivos o de las consecuencias de una reforma educativa que refuerza y perpetúa la sociedad machista en la que vivimos y pretenden que vivan las futuras generaciones.

Permitir todo eso es promover el terrorismo machista, y dar la espalda a este tipo de situaciones supone también ser cómplice, lo que evidencia el fracaso de las políticas de prevención y concienciación. Sin embargo, de nada sirve lamentarse, reconocer que la situación actual no se puede sustentar o asumir discursos derrotistas que incitan a que no salgamos de la espiral de violencia en la que nos vemos inmersas contra nuestra voluntad.

Las mujeres galegas no nos podemos permitir que el terrorismo machista no sea una prioridad en las agendas, en las de las instituciones, en las de las organizaciones políticas de izquierda y revolucionarias y ni siquiera en nuestra propia. El momento de luchar es este, porque sabemos que la movilización social constante hace que consigamos pequeñas victorias, que sin ser suficientes significan mucho y servirán para dejar claro que nosotras somos parte activa en la revolución y que sin mujeres libres no se llegará a ninguna parte.

Si hay algo que después de años de lucha tenemos claro las mujeres galegas es la importancia de cuestionar el oportunismo sistémico en lo referente a las políticas de

igualdad y prevención de violencia machista, que por otra parte siempre están centradas en una óptica patriarcal. Además de desarrollar políticas contrarias a las mujeres, cuando presentan supuestas soluciones, en la mayoría de los casos tan sólo suponen un refuerzo encubierto del machismo y llevan una peligrosa desmovilización social.

Sólo con la lucha organizada de las mujeres podremos avanzar en nuestra liberación, evitando bajar la guardia o que nos hagan creer que el machismo es un problema del pasado. Sabemos que está plenamente vigente y completamente asentado en nuestra sociedad. Por todo esto reivindicamos que se le conceda la importancia que tiene, exigiendo un compromiso serio y riguroso por su erradicación.

Aprovechamos esta fecha reivindicativa tan señalada para el feminismo para recordar a todas y cada una de las mujeres que fueron asesinadas por el terrorismo machista en 2014.

Ni un sólo minuto de silencio por ellas!

Adelante la lucha feminista!

---

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-a-indiferenca-e>